

Follas do Cineclub | 09/03/2016

O home que caeu á terra
(The Man Who Fell To Earth, Nicolas Roeg,
Reino Unido, 1976, 139', VOSG)

02

[Tirado de <https://thedissolve.com/features/laser-age/693-the-man-who-fell-to-earth-erased-time-and-space-wh/>]

“Pensade nel, clasicamente, como un feiticeiro, tanto un mago como un malabarista”, escribiu Jay Cocks de Nicolas Roeg nun número de *Time* de 1976. “Roeg é un cineasta interesado non só nos feitizos que funcionan, senón en atopar novas conexións entre temas e imaxes, mantendo ideas xirando no aire como pequenas bolas de prata, deixándoas caer en patróns que semellan aleatorios pero son, en realidade, precisos”. Aínda sendo unha descrición tan rica, é a introdución dunha crítica que suxire que o filme de Roeg que lle é contemporáneo, *O Home Que Caeu á Terra*, non chegou ao nivel do seu traballo anterior; ou, máis exactamente, que levou o asunto do mago/malabarista máis lonxe do que debía. A descrición aduladora que Cocks fai da técnica de Roeg non era o único falar eloxioso que rodeaba ao director na época, pero tampouco a única insinuación de que quizais tentara levar o seu último filme alén do que a xente estaba preparada para seguir.

Roeg viña de facer *Performance* (co-dirixida por Donald Cammell), *Walkabout*, e *Non Mires Agora*, todos eles esforzos radicalmente inventivos que levaron un fio experimental a filmes narrativos. Un gran director de fotografía antes de converterse en realizador, Roeg encheu cada un dos seus filmes con imaxes destacables, pero foi o seu enfoque da montaxe o que os distinguiu. Roeg fixo o tempo fluído e impredecible, pero sempre cara fins líricos. *Non Mires Agora*, nun caso famoso, corta dos personaxes de Donald Sutherland e Julie Christie facendo o amor febrilmente a unhas secuelas máis calmas que suxiren que a súa paixón non será suficiente para pasar a crise inminente. *Walkabout* remata cun *flash-forward* calmadamente devastador. Nunha entrevista de 1976 co New York Times, Roeg fala de “retirar a muleta do tempo, á que o público normalmente se agarra”, referíndose a *O Home Que Caeu á Terra* “máis ben como unha vida que avanza a trancos e barrancos. Ao final das vidas da xente, é difícil atopar cal é a historia real.”

Roeg soa animado falando sobre o filme, pero á marxe diso non é unha entrevista particularmente feliz. Roeg observou impotente como Donald Rugoff, o distribuidor estadounidense d’*O Home Que Caeu á Terra*, reeditou o filme, acurtándoo 20 minutos, parcialmente influído por unha proxección para estudantes de Dartmouth e os consellos dun profesor de psiquiatría/cinéfilo de Colorado. E aínda así Rugoff considerou mesmo esta versión expurgada unha proposta dubidosa, e segundo o Times, “considerou engadir un prólogo pedíndolle [ao público] a súa indulxencia”. A versión completa foi restaurada en versións domésticas recentes, pero é difícil ver como alguén puido pensar que algúns retoques, incluso grandes cortes, poderían facer que *O Home Que Caeu á Terra* fose algo menos que un enigma. O filme abre cun home (David Bowie) baixando un outeiro desolado. Remata con el apurando unha bebida na terraza dun bar. O home, que se fai chamar Thomas Jerome Newton, aparenta

non ter envellecido un minuto dende o comezo, a pesar de que os outros personaxes do filme avellentaron visiblemente, ás veces parecendo avanzar décadas dunha escena á seguinte. Os anos, porén, semellan ter quedado no sitio. O filme abre e pecha nunha América conspicua no seu aire anos setenta da primeira escena á última.

Un exemplo de moitos: Newton fai fortuna introducindo novos inventos no mercado, incluíndo un dispositivo de son que suplantou o estéreo convencional e substitúe os discos por globos metálicos. Pero cando Nathan Bryce (Rip Torn) vai mercar música cara o final do filme, visita unha tenda chea de discos, incluído *Young Americans*, o último disco de Bowie daquela, lucindo unha portada na que Bowie aparece case como no filme. Os inventos de Newton, como os personaxes subliñan repetidamente, redefiniron o mundo. E aínda así o mundo parece o mesmo.

Aínda que *O Home Que Caeu á Terra* foi o filme máis caro de Roeg ata aquel momento, as súas limitacións financeiras poderían explicar algo disto. Pero este carácter esvaradío é demasiado persistente, e demasiado resaltado, como para ser o resultado de accidentes, preguiza ou restricións de presuposto. De feito, está en consonancia cun elemento do filme que se establece na escena inicial. Mentres Newton baixa o outeiro, un home vestido de traxe observa o seu progreso. Coa axuda do avogado Oliver Farnsworth (Buck Henry), Newton pasa o filme construíndo un imperio que enfada ao status quo en fotografía, comunicación, e aparentemente calquera outro aspecto da vida moderna, co obxectivo definitivo de enviarse a si mesmo ao espazo. No último minuto, esa vontade é interrompida por axentes anónimos do goberno, das grandes empresas, ou de ambos. Os homes traxeados e os poderes detrás deles tiñan outros plans dende o principio. Roeg toma un momento para volver a aquel instante no outeiro, e á imaxe de Newton sendo vixiado, mentres os plans de Newton empezan a clarificarse, e o tempo convértese nun lazo que estivo esperando para apertarse dende que o filme comezou.

O seu desfacer vai aínda máis atrás, ata o título e a novela que inspirou o filme. Co tempo, Newton, mentres vive a vida dun recluso tipo Howard Hughes, revélase como un extraterrestre a uns poucos achegados, un refuxiado dun planeta arrasado pola seca que consegue o seu aspecto humano cubrindo os seus ollos de gato e o seu corpo asexuado. É literalmente un home que caeu á terra, se “home” é a palabra axeitada. Roeg ten suxerido que é posible ler todos os cortes á vida no planeta natal de Newton e as imaxes da súa estraña bioloxía como unha ilusión. Son precisas algunhas acrobacias mentais para facelo, pero despois o filme non se presta realmente a ningunha lectura que non caia en contradición *nunha* maneira ou outra. A novela de Walter Tevis de 1963 da que Roeg e o guionista Paul Mayersberg adaptaron o filme é moito máis clara neste punto, incluso estando máis explicitamente conectada á Terra. Un extraterrestre sen ambigüidades, o Newton da novela atopa o seu xenio sobrenatural anulado polas forzas do goberno, pero tamén polas súas propias debilidades, principalmente polo alcohol. Tevis é por outra parte mellor coñecido por escribir *O buscavidas*, e nalgúns aspectos, contou a mesma historia dúas veces: unha dunha xove promesa chocando co poder arraigado e as distraccións mundanas. Newton cambia o mundo, pero logo este absórbeo. Esa é unha faceta que funciona no filme de Roeg, pero só unha. Outras ameazan con sacalo do camiño mentres a visión da película se expande. Nunha secuencia, Newton e Mary Lou (Candy Clark) conducen a través do campo acompañados de “Try to Remember” do musical *The Fantasticks*, mentres Newton volve a imaxes da vida no seu unha vez herboso planeta natal, unha acuarela verde, a súa familia extraterrestre camiñando a través dun deserto, un trebello extraterrestre semellante a un tren, e logo de volta á Terra, onde Mary Lou segue falando do seu amor

O Home Que Caeu á Terra borrou o tempo e o espazo e rematou unha era

Keith Phipps

de infancia polos trens, e de como ir en tren xa non é o que era. O tempo destrúeo todo excepto o que a memoria preserva. A non ser, entón, que nada sexa destruído. Isto é seguido por outra escena da parella conducindo polo campo, e a aparencia de Mary Lou suxire que algún tempo pasou. Mentres pasean, Newton ve a través do tempo aos pioneiros que unha vez viviron onde eles están viaxando agora. Eles parecen velo, tamén, e logo esvaece da súa vista e el da súa. Pero por ese momento, o tempo deixou de converterse nunha barreira. O filme deslízase a través del.

En momentos alucinatorios como este, *O Home Que Caeu á Terra* semella a piques de escapar das restricións do cinema ou polo menos o tipo de cinema que se proxecta en salas entre *Unha cuadrilla de pelotas* e *A Profecía*. Roeg segue distraéndose por cousas secundarias, gastando un lote de tempo coa vida sexual de Bryce cara o comezo, e logo insistindo máis adiante no filme na vida doméstica de Peters (Bernie Casey), un dos antagonistas de Newton. É un personaxe de pouca importancia, pero aínda así recibe unha escena de sexo e un momento no que lle di á súa muller, "Pregúntome se facemos e dicimos as cousas correctas." É como se a película esquecese quen se supón que é o heroe, e vagase observando o que sucede nos laterais.

E aínda así as digresións fan o filme máis poderoso do que calquera narración convencional podería ser, mentres o aparente revolto de imaxes e ideas remata por chegar, como Cocks suxería, a unha orde significativa. Bryce déitase con universitarias, pero pensa na súa ex-muller e os seus fillos vivindo noutra cidade. Newton anhela á súa familia tan lonxe. Peters deita aos seus fillos e preocúpase por se el e a súa muller están vivindo como deberían. Unha rima segue a outra.

O Home Que Caeu á Terra atopa outro tipo de conexións simplemente por escoller a Bowie no papel principal. Foi o primeiro protagonista de Bowie, pero dificilmente puido ser a súa primeira experiencia actuando. Bowie estudou teatro con Lindsay Kemp, un famoso actor e artista de mimo que tamén ensinou a Kate Bush, e levou un sentido de teatralidade á súa carreira musical, tanto no escenario como fóra. No punto álxido da súa fama, Bowie nunca semellou máis incómodo que cando se lle pedía ser "David Bowie", como evidenciaron dolorosas aparicións con Dick Cavett e Dinah Shore. No escenario, porén, era outra cousa, e a primeira década da súa carreira viu pasar de *art-rock* a extraterrestre glam espacial a xenio do rock and roll e a cantante soul de ollos azuis, aínda que as transformacións parecían máis evolución que cálculo. Quen era Bowie podía cambiar de mes a mes, mesmo de día a día, e esa metamorfose constante converteuse no seu trazo definitorio, mentres tamén o facía parecer non exactamente humano.

Un ano antes da estrea do filme, Bowie apareceu en *Soul Train*, un programa musical daquela con catro anos en antena que unía a bailaríns novos e fotoxénicos con estrelas facendo playback cos seus éxitos do momento. Saíndo do empapado de soul *Young Americans*, Bowie interpretou o último single daquel álbum, "Fame", e "Golden Years", un éxito que máis tarde aparecería no seu álbum de 1976 *Station to Station*. Segundo todas as fontes atravesando o máis fondo dunha adicción á cocaína deformadora da personalidade, Bowie semella fráxil e nervioso mentres fala co presentador Don Cornelius no segmento de entrevista sobre o seu próximo filme, *O Home Que Caeu á Terra*, dirixido por Nicolas Roeg. "É un pouco como unha historia de Howard Hughes, pero é algo así como un extraterrestre. Pero non parece un extraterrestre". "E que papel interpretaches no filme?", pregunta Cornelius. "Eses tres!", responde Bowie, rindo nerviosamente, e logo engadindo "Pero é unha persoa."

[...]

O tempo foi amable cunha película que trata, polo menos en parte, dos efectos prexudiciais do tempo. Os Estados Unidos chegaron finalmente a ver a montaxe completa de Roeg, e dende entón ten sido recibida como unha das mellores do director, e un elemento clave do status icónico de Bowie, tanto como calquera dos seus álbums. Pero, sendo o máis completo florecemento dun certo tipo de ciencia ficción experimental, pensativa e alucinada que brotou despois de 2001, chegou case ao final da tempada que podería tela deixado medrar. En menos dun ano, *A Guerra das Galaxias* fixo aos filmes de ciencia-ficción máis populares que nunca, cambiando ao mesmo tempo o que o público pensaba cando pensaban no xénero. *O Home Que Caeu á Terra* parecería estraña en calquera época, pero despois de R2-D2 pareceu positivamente, bueno, extraterrestre, o produto doutro tempo, mesmo se ese outro tempo puidera ser o futuro. Isto fíxoo máis difícil para aqueles que vian a ciencia-ficción como un lugar para seguir ideas estrañas; ou como mínimo para aqueles que non sabían como darlle a esas ideas a forma dun espectáculo cheo de efectos para a pantalla grande. Pero por un tempo, cando menos, algúns puideron perseguilas tan lonxe como quixeron, deixando un trazo para que outros o seguiran.

Na escena final d'*O Home Que Caeu á Terra*, Bryce localiza a Newton, que se converteu nunha figura sombría e medio esquecida despois da súa viaxe espacial frustrada e un encarceramento subsecuente. Porén, mantívose ocupado, gravando e lanzando un álbum baixo o nome The Visitor, coa esperanza de que se poña na radio e algún día chegue á familia que deixou atrás. Na Terra, pode ser só outra canción na radio, algo para sonar por un rato e ser esquecido cando cambie o gusto. Pero aqueles que sabían como escoitar puideron oír o que era. É este álbum o que leva a Bryce á tenda de discos onde Roeg non tenta ocultar un anuncio dun disco de David Bowie, quizais mesmo situándoo no plano deliberadamente. Bryce está sacudido pola culpa pola súa traizón a Newton no pasado, e logo de atopalo sentado fóra, apurando unha bebida, aparentemente enfermo, eterno e fermoso, non é quen de mentir. "Gustouche?" pregunta Newton. "Non moito", responde Bryce. "Bueno", di Newton, "non o fixen para ti de todas formas".

CINECLUBE DE COMPOSTELA



ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
 ① cineclubedecompostela.blogaliza.org
 facebook.com/cineclubedecompostela
 @cineclubedecompostela@gmail.com

PROYECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na
 Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21.
 Santiago de Compostela)
 Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

Mércores 2

Viven
 (They Live, John Carpenter,
 EUA, 1988, 94', VOSG)

Mércores 9

O home que caeu á terra
 (The Man Who Fell To Earth,
 Nicolas Roeg,
 Reino Unido, 1976, 139', VOSG)

Mércores 16

Cinco
 (Five, Arch Oboler,
 EUA, 1951, 93', VOSG)

Mércores 30

Sesión de curtametraxes
 mudas de ciencia ficción

A viaxe a través do imposible

(Le Voyage à travers
 l'impossible,
 Georges Méliès,
 Francia, 1904, 20')

O hotel eléctrico

(El hotel eléctrico,
 Segundo de Chomón,
 España-Francia, 1908, 7')

Piratas de 1920

(Pirates of 1920,
 David Aylott / A.E. Coleby,
 Reino Unido, 1911, 17')

O home mecánico

(L'uomo meccanico,
 André Deed,
 Italia, 1921, 26')

Musicada en directo por
 Lois Carlin